

LER: UNHA EXPERIENCIA AFECTIVA

Mercedes Vázquez Rodríguez, mestra

A lectura é un traxe que lle senta ben á alma e faina máis fermosa di Xabier P. Docampo e Daniel Pennac di que *Estamos habitados por libros e amigos*, a idea central desta comunicación será falar do AMOR AOS LIBROS, os que saben contar ben historias fermosas... e falar de por qué ler.

Son mestra das que cada curso procura cultivar a afección a ler no seu alumnado e xa van 30 anos: seleccionando lecturas que lles gusten, léndolles cousas fermosas, ensinándolles estruturas sinxelas para escrita creativa... animándoos a contar historias... reflexionando xunto a elas e eles sobre o valor da palabra e sobre a riqueza cultural. Gozando xuntos da lingua-tesouro, lingua-comunicación... lingua escrita-riqueza cultural. Moitas veces téñome preguntado:

Que é ler? Por que ler? Como lograr hábitos lectores?

Ensinar a ler non pode ser só un adestramento, que tamén, non pode limitarse a recoñecer palabras. Estamos ante un dos máis importantes actos didácticos. Cando un neno ou nena descifran con algún esforzo a letra impresa... hai que celebralo! Acaba de dar o primeiro paso para entrar nun mundo de iniciados. Despois, non se deben abandonar á súa sorte, hai que mimar esa importante adquisición cultural. Facerlla valorar. Proporcionarlles libros seleccionados, non calquera cousa. Acompañalos.

É case imposible ler algo fermoso, sen sentir desexos de facer algo fermoso di John Steinbeck. *O realmente importante non é o que pasa no texto senón o que nos pasa a nós despois da súa lectura, non o que pensamos do texto senón o que pensamos de nós mesmos como consecuencia de telo lido*


(“El rumor de la lectura”, Equipo Peonza)

A Acción de Ler supón unha inmersión no mundo silencioso do interior do individuo... quen le é protagonista exclusivo no reino do silencio e da soidade, a verdadeira maxia da literatura só se comprende cando se experimentou. Pero hai que saber que, como lectores, temos uns dereitos e o primeiro deles é a non ler se ese é o noso desexo... pero que nunca sexa porque nos “falle a ferramenta”.



Detrás dunha defectuosa comprensión lectora, nas escolas, constatamos a ausencia de práctica lectora. Todos sabemos que tal situación hipoteca completamente os rendementos académicos... o maior dominio de vocabulario axudará a lograr unha maior precisión no pensar, unha maior capacidade de razoar, unha maior facilidade para expoñer ideas e sentimentos... polo tanto unha maior eficacia na comunicación e na comprensión cos demais

Nunha sociedade como a actual é necesaria unha lectura rápida, eficaz, crítica, intelixente. Polo tanto é de xustiza social traballar para extender a práctica lectora entre as persoas que están privadas do gusto e da necesidade de ler. Ler é unha das habilidades máis decisivas para madurar psicoloxicamente. Como dicía André Maurois, *Ler é atopar a vida a través dos libros, e grazas a eles, comprendela e vivirla mellor.*



Pero *Os libros non foron escritos para que o meu fillo, filla, a xuventude, os comenten, senón para que os lean, se lles peta* (“Como unha novela”) dicir isto é entoar o “mea culpa” desde a escola, é recoñecer cantas veces a escola xoga un papel nefasto facendo aborrecer os libros con tantos traballos, resumos, comentarios e exercicios despois da lectura do libro.

O verbo ler non soporta o imperativo (D.Pennac)

Tan certo é que os nenos non nacen lectores como que ningún nace non lector. A adquisición do hábito da lectura non responde a unha evolución natural, senón que pertence ao ámbito cultural... require un medio social, escolar e familiar que estimule e oriente ese proceso... o verdadeiramente preocupante e inadmisíbel é que alguén non chegue a adquirir o hábito da lectura porque non atope oportunidades para elo: porque ninguén o anime a ler ou porque non existan libros no seu arredor. Por desgraza estas circunstancias seguen a ser, para a maioría da poboación mundial, unha cruel realidade, un castigo que nada ten de divino e que vincula estreitamente analfabetismo e subdesenvolvemento. (“El rumor de la lectura”)

Entre nós o risco é que se sinta aversión aos libros por ter padecido o exceso de celo lector dalgún adulto benintencionado, empeñado en inocular no menor o virus da letra impresa pola

vía venosa da obrigatoriedade ou pola vía da insistencia. Hai que manter unha prudente distancia que salvagarde a liberdade de ler ou non ler.

Como lograr hábitos lectores? Os camiños que se poden emprender para estimular o desexo de ler son abundantes. Un deles comeza no berce e componse de nanas, cantigas, adiviñas, contos, romances... *o patrimonio da tradición oral*, para crear nas nenas e nenos a fascinación pola musicalidade da linguaxe, aínda antes de saber falar. Eu sei que gran parte da miña afección á lectura ten que ver cos contos, cos xogos e cos cantos que vivín de nena na aldea. Sei que hai que ensinar a gozar coa musicalidade da lingua. Hai que contar, hai que cantar, hai que bailar coas nenas e nenos. Temos unha lingua propia e unha riqueza cultural marabillosa!

“Lerlle a un neno é abrir con el unha experiencia afectiva. Aí está o milagre da lectura: ofrecer a posibilidade de soñar, de imaxinar (...) Os mestres deberían ler moitos libros, para ensinar a ler. Se non len con pracer non poden transmitir o pracer de ler”, así falaba Tonucci no 2003 cando visitou Pontevedra.

É un fracaso non só dos mestres e mestras senón da sociedade que as nenas e nenos saian da escola e non sigan lendo. Fracaso dos adultos que non aprecien e valoren, na xusta medida, esa gran adquisición cultural.

Educar é contar historias. Contar historias é transformar a vida no xogo máis serio da sociedade. A vida ten perdas e problemas, pero debe ser vivida con optimismo, esperanza e alegría. Familias e profesorado han bailar a danza da vida como narradores (Padres brillantes, maestros fascinantes, Augusto Cury)

Ten que haber un mediador/a: ese adulto/a que fai de ponte entre o neno/a e o libro... que estimula, que orienta o hábito lector... mediadores somos as nais, pais, mestres, mestras... dos que xa falei un pouco pero tamén o son, ou deberían selo, as bibliotecarias e bibliotecarios, os libeiros e libeiras... e tamén os medios de comunicación teñen unha grande responsabilidade á hora de asesorar lecturas.

Editar guías de lectura, institucionalizar a hora do conto, encontros con escritores/as e ilustradores/as, talleres de escritura creativa, clubs de lectura, exposicións e xornadas arredor do libro... son algunhas das ideas que se poden levar a cabo desde centros de ensino, bibliotecas, asociacións culturais, librarías... cando se asume a responsabilidade de mediador/a.

Remato cun pensamento de Amor aos libros que nos deixou Fernando Fernán Gómez: *Boto unha mirada á biblioteca. Cantos libros hai nela devorados polo esquecemento! E cantos que xa non poderei ler! Quero dicirlles a eses libros*

que nunca lerei, que non se sintan desprezados. Sei que non os lerei porque estou nesa idade na que se ve como o tempo voa como pardal asustado, na que o tempo escapa como auga dun cesto, na que o tempo foxe como algunhas queridas lembranzas. Pero ao dicir adeus, que un libro me abra os seus brazos e repouse sobre o meu peito.

Pois iso: que sempre teñamos un libro que nos abra os seus brazos e repouse sobre o noso peito.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA:

- **Como unha novela.** Daniel Pennac
- **El rumor de la lectura.** Equipo Peonza.
- **O libro dos cen poemas.**
Xosé M^a Álvarez Cáccamo e Marisa Nuñez.
- **La mirada de un niño que lee.** Equipo peonza
- **Padres brillantes, maestros fascinantes.** Augusto Cury

DISCOGRAFIA, para un bo apoio da tradición oral:

- "O Quiquiriquí", Asociación Galega de Gaiteiros
- "Pelo gato 24", Asociación Galega de Gaiteiros
- MALVELA, calquera dos discos.
- "Para Cantar e Bailar", Luís Prego e Serxio Cobos

